SEMANA CULTURAL DE MOUGÁS

Do 22 de decembro ao 5 de xaneiro no Centro Cultural
Organiza: Asociación veciñal de Mougás

SÁBADO 22

Ata o 5 de xaneiro EXPOSICIÓN DE FOTOS DE M. VILAR (Profesor)

MOSTRA DO CURSO DE COSTURA

18.00 Presentación do realizado no 2018 pola Asociación
18.30 Teatro "**A viaxe das lendas**" realizado por veciños de Mougás
19.00 Grupo de guitarras "**Os bohemios de Vigo**"
Haberá chocolatada

DOMINGO 23

18.00 Sorteo dos **campionatos** de tute, brisca, damas, parchís, dominó e ping pong
18.30 Grupo de Baile "**Dando la nota**" de Baredo
19.30 Reportaxe das "**Riadas do 2006**" doada por TELEMARIÑAS

LUNS 24

PAPÁ NOEL recorrerá a Parroquia. O rematar se podrán tomar fotos no Centro Cultural
17.00 **A Rondalla** percorrerá Mougás de arriba

MÉRCORES 26

10.00 a 14.00 **Obradoiro** de xoguetes de Tecendo Lazos
17.00 "**A Apalpadora**" no Centro Cultural
18.00 **Bingo** infantil (só para socios)

XOVES 27

10.00 a 14.00 **Obradorio** de xoguetes de Tecendo Lazos Santa Uxía

VENRES 28

18.00 Teatro pola Deputación "**Daboapipa**"
19.00 Teatro "**A Revirada**", da Moura de Chaín

SÁBADO 29

18.30 Teato "**Mamasiña que medo**", de Morgadáns
O rematar **película infantil** con palomitas

DOMINGO 30

18.00 Reportaxe "**Lembranzas de Mougás**", realizado por Don Remigio Nieto
19.00 **Bingo** de adultos (só para socios)

LUNS 31

17.00 **A Rondalla** percorrerá o Porto

MÉRCORES 2

10.00 a 14.00 **Obradorio** de xoguetes de Tecendo Lazos
18.30 Grupo de Baile "**Giros**"

XOVES 3

10.00 a 14.00 **Obradorio** de xoguetes de Tecendo Lazos
18.00 Teatro "**Elmer**", realizado por nenos de Mougás
18.30 Curtametraxe "**Quén anda ahí?**", dos alumn@s do obradoiro de iniciación a curtametraxe en galego
18.40 Música en directo. Sofía & Juanjo interpretan o poema de Ángeles Fernández "**A nena Carmela**", banda sonora do documental "**Memorias de Oia**", que se proxectará a continuación

VENRES 4

18.00 Teatro "**Restaurante Farruco**", dos Cabalos Rosas Brincan no Patín
18.30 Reportaxe "**Recopilacións historias de Mougás**", por Tomás Domínguez
Entrega dos premios dos campionatos

SÁBADO 5

CABALGATA DE REIS, con remate no Centro Cultural de Mougás

PERCORRIDO CABALGATA DE REIS - CONCELLO DE OIA

A Portela (11h), Mavia/Santa Comba (11.30h), Acevedo (12h), Praza Loureza (12.30h), Praza Burgueira (13h), Praza de Torroña (13.30h), Casa Cultural Viladesuso (15h), Casa Cultural Pedornes (15.30h), Baixada Mosteiro coa Rondalla de Mougás (16h), Vilancicos na Igrexa Sta. María de Oia (16.15h), Recibimento dos Reis no Pavillón (*) do CEIP Mestre Manuel García (17.30h), Casa Cultural de Mougás (19.15h)

Haberá Agasallos, Chocolatada, Animación infantil e Belén vivente!!!

En caso de choiva, os Reis Magos visitarán as Casas de cultura das parroquias no horario previsto. Se o tempo o permitise, ás 16 horas se faría o desfile das carrozas desde o Mosteiro ata o Colexio.

(*) Acceso ó pavillón con calzado plano

PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL "MEMORIAS DE OIA" NA SEMANA CULTURAL DE MOUGÁS

O 3 de xaneiro, ás 18.40h, se proxecta no Centro Cultural de Mougás, a primeira parte do Documental "**Memorias de Oia**".

Introducirá a proxección, a interpretación en directo de Sofía & Juanjo, do poema "**A nena Carmela**", escrito por Ángeles Fernández (Mari).

Nos vindeiros meses, o Concello continuará facendo entrevistas a tódolos veciñ@s que se queiran sumar a esta iniciativa, de cara a realizar unha segunda parte deste entrañable documental.

INFORMATIVO | Concello de Oia

Boletín nº 12 Xaneiro - Febreiro 2019

GAÑADORES DO CONCURSO "OS REIS MAGOS CHEGAN A OIA"

Reunido, o 5 de decembro, o xurado formado por representantes dos Colexios CEIP Mestre Manuel García, CEIP Refoxos, e un representante do Concello, acordaron nomear gañadores aos seguintes participantes:

1. Mateo Gómez Giráldez, de 6º de Ed. Primaria do CEIP de Refoxos.
2. Claudia Domínguez Salinas, 5 anos de Ed. Infantil do CEIP MM García.
3. Mario Seijo Domínguez, de 3º de Ed. Primaria do CEIP MM García.

O Concello agasallará aos premiados cun lote de libros que será entregado o día da Cabalgata de Reis, e o debuxo correspondente ao primeiro premio, será o cartel que anunciará a Cabalgata.

Noraboa aos gañadores e aos alumn@s participantes porque os debuxos eran todos de gran calidade!!!

OBRADOIROS

OBRADOIRO DE ENVELLECEMENTO ACTIVO E SAUDABLE

O Concello organiza un obradoiro que ten como eixo central o envellecemento activo no que se farán xogos, manualidades, actividades de risoterapia, creación de contos, etc. Esta actividade vai **dirixida a persoas maiores de 60 anos**, e terá lugar os **mércores**, dando **comezo o 16 de xaneiro e rematará no mes de xuño de 2019**. Se impartirá nas **Escolas de Torroña** en horario de 16.00 a 17.15 h e na **Abadía de Loureza** de 17.45 a 19.00 h.

A finalidade do curso é que os participantes se relacionen, traballen os aspectos cognitivos e sobre todo, que o pasen ben.

Para participar será preciso a súa inscrición no Concello, prazo límite o 10 de xaneiro. É gratuíto. Colabora a Asociación de Mulleres Rurais de Oia.

OBRADOIRO DE TEATRO 6X6. PUNTO DE ENCONTRO. O ARRABAL

Despois do gran éxito do obradoiro de teatro celebrado este ano 2018, onde puidemos comprobar a alta calidade artística acadada e a posta en valor do noso patrimonio cultural, o Concello volve a apostar por esta iniciativa.

O obradoiro **comezará o día 1 de febreiro e rematará o 1 e 2 de xuño**, coa celebración da declaración do Mosteiro de Oia como ben de interese cultural.
Terá lugar os **venres**, de **19 a 21 horas**, no Centro Cultural de Pedornes.

Prazo límite de inscrición ata o 24 de xaneiro. É gratuíto. Prazas limitadas.

OBRADOIROS INFANTIS DE NADAL

OBRADOIROS DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E MAQUILLAXE

O Concello organiza un obradoiro para facer instrumentos musicais e outro de maquillaxe, con motivo do Nadal, gratuítos, que terán lugar na **Abadía de Loureza**, o **Venres 28 de decembro**, en horario de **10 a 14 h**. Nen@s a partir de 4 anos. O prazo de inscrición finaliza o día 27 de decembro.

OBRADOIRO DE GALLETAS E MADALENAS

O Concello organiza un obradoiro para facer galletas e madalenas, a decorar con motivos de Nadal, que se celebrará o **Venres 4** de xaneiro, na **Casa Cultural de Viladesuso**, en horario de **10 a 13.30 horas**. A partir de 7 anos. Inscrición no Concello ata o 2 de xaneiro.

CULTURA

O CONCELLO EDITA UN LIBRO SOBRE CRUCEIROS, CRUCES E ALMIÑAS DE OIA

O Concello edita o libro "**Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño II. Concello de Oia**", escrito por **Xoán Martínez Tamuxe**, resultado de moitos anos de recompilación e investigación sobre este tipo de elementos patrimoniais.

É un libro moi completo que nos brinda a oportunidade de coñecer estas construcións do noso Concello e poñer en valor o noso patrimonio cultural. Se trata do Volumen II, dunha colección que pretende darnos a coñecer os cruceiros, cruces e almiñas de toda a comarca do Baixo Miño.

A **presentación** do libro terá lugar o día **2 de xaneiro** ás **17.00h**, no **Centro Cultural de Mougás**. Colabora na súa edición, Turismo da Xunta de Galicia.

CON OTRA MIRADA. EN EL MONASTERIO DE OIA 1936-1939

O Concello edita o libro "**Con otra mirada. Horror de la guerra civil española**", que recompila o traballo levado a cabo por **Fernando J. Costas Goberna, Lorena González Vicente e Lucía Álvarez Caeiro**.

O libro repasa a historia do Mosteiro, centrándose no período da guerra civil en que foi campo de concentración. Por medio de imaxes fotográficas, nos permite ver as imaxes debuxadas maiormente por presos nos tabiques do Mosteiro.

A obra será presentada en próximas datas, na Casa Cultural de Santa María de Oia.

PROXECTOS - INICIATIVAS

#OIAENSEPIA. ARQUIVO FOTOGRÁFICO DA NOSA HISTORIA

O Concello pon en marcha un novo proxecto con gran ilusión, que consiste na compilación de imaxes antigas do pobo, de tal maneira que se poida elaborar un **arquivo con aportacións de tódolos/as veciños/as**.

Este proceso onde resulta fundamental a **participación da veciñanza**, nos permitirá recuperar a memoria histórica recente do municipio para explicar mellor a nosa historia, dando un carácter tamén didáctico, para ensinar as novas xeracións a **apreciar as nosas tradicións**, costumes, oficios, festas, ...

As persoas que recompilen fotografías e queiran colaborar, se poden poñer en contacto co Concello. O escaneo das mesmas se fará no momento, incluso nos fogares, polo que o dono/a das mesmas poderá mantelas consigo en todo momento.

CANTIGAS, REFRÁNS E CONTOS

Se coñecedes algunha cantiga, refrán ou conto antigo, que lembredes que o cantaban fai anos, os vosos avós ou avoas, pais ou nais, etc., vos pedimos que os escribades e vos poñades en contacto co Concello, para facer unha **recompilación da tradición oral do noso pobo**.

Iremos publicando neste boletín as que nos fagades chegar, para desfrutar da sabedoría dos nosos antepasados, agora e no futuro.

FORMACIÓN

CURSO DE INGLÉS BÁSICO DESTINADO A HOSTELEIROS E COMERCIANTES DE OIA

O Concello organiza un **curso para mellorar o nivel de inglés**, dirixido principalmente a hostaleiros e comerciantes do municipio.

A través deste curso, se pretende **mellorar a calidade na atención aos visitantes**, en especial aos peregrinos do Camiño portugués da Costa, xa que cada vez son máis, e a previsión-estando ademais ás portas do ano Xacobeo-, é que siga en aumento.

O curso é gratuito, e terá prazas limitadas, sendo necesario un grupo mínimo. O horario se determirnará cando se concrete o grupo.

A **inscrición** debe facerse no Concello **antes do 31 de xaneiro**. No caso de quedar prazas vacantes, se poderán cubrir con persoas que non se dediquen a hostelería ou o comercio.

CULTURA

ÉXITO NO CONCERTO DE CORAIS DE NADAL

Gran Concerto de Corais, con motivo do Nadal, que tivo lugar o 16 de decembro, na Igrexa Parroquial de Sta. María de Oia.

Abriu o acto a **Coral Alameda de Pontevedra**, que actuaba por primeira vez no noso Concello, e a continuación, a **Coral Polifónica Vagalume**, fixo as delicias do público asistente, que incluso puido escoitar unha peza en Swahili.

As corais e o público asistente, remataron cantando panxoliñas, acompañados da música dos nen@s da confirmación, baixo a dirección do Párroco D. Daniel Goberna.

MEDIOAMBIENTE

SEGUE O PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA, SÚMATE!

O Concello repartirá **composteiros individuais** aos veciñ@s que o soliciten, de maneira gratuita.

E, unha oportunidade para **reciclar** e facilitar ás familias a **produción de compost**, rico en materia orgánica e minerais, para a súa posterior reutilización nas hortas domésticas.

O prazo límite para presentar solicitudes é o **31 de xaneiro**.

ANALÍTICA DE FONTES

O Concello fixo a analítica das fontes, dando **aptas para o consumo humano** as seguintes: Fonte da Cabreira (Mougás), Fonte da Presa (Mougás), Fonte de Colón (Viladesuso), Fonte dos Preáns (Viladesuso), Fonte da Pescaría (Pedornes), Fonte de San Cosme e San Damián (Sta. María de Oia), Fonte da Regeiriña (A Portela).

Se procedeu a rotular coa sinal de "Non apta para o consumo" as fontes que non tiveron un resultado positivo, e "Auga sen garantía sanitaria" as fontes que deron aptas. Se indicará en cada Parroquia para o coñecemento da veciñanza, nos taboleiros de anuncios, o detalle de cada unha das fontes, indicando se deron aptas ou non aptas, e os parámetros que incumpren as non aptas. Nuns meses se realizará unha nova analítica.